



Antonio Molega Varón

MONTAÑESAS

SAGUNA SIGUN CORREO Y REVISTA



1910

Montañasas

Escolma.

Leite fresco

¿Cando vas tomar o leite?,
me andaba decindo Anxela,
cada vez que viña á vila
vender ovos ou manteiga,
i eu, por dar gusto á curmán
i adivertirme na aldea,
unha tardiña de abril
determineime e fun vela.
Era un bendecir a Dios
ollar a natureza:
¡cantos páxaros chiando!,
¡cantas froles polas veigas!,
¡cantos gromiños nos albres!,
¡que música a das fontelas!
Rousaban léxo-los carros
polos camiños da serra,
murmuxaban os regatos,
choutando de pedra en pedra,
pasaba mainiña a gris,
aloumiñando nas herbas,
queixábase o piñeiral,
as raxadas bolboretas
polos vilares do trigo
iban e viñan lixeiras,
no curutiño das lombas
víanse fatos de ovellas
e tamén algunhas cabras,
depinicando a carqueixa,
un merlo rexoubador
asubiaba, das xestas
penduraban froles de ouro,
coloreaba a restreba,
¿i o sol? ¡Dios me libre!, o sol,
prendado da primaveira,
brilaba nun ceio azul,
sin quitar ollo da terra.

Paseniño, paseniño,
subín costas, pasei ermos
e baixei ós vales fondos

por entre pinos espesos.
Quedeime diante un muíño
vendo corre-lo rodesno,
tiven que andar a cantazos
con certo can de palleiro,
axudeille a erguer o lote
a unha criada dun cego,
que estaba apañando a iherba
entre os sucos do centeio,
e si non se fora axiña...
¡que me leve nunca o demo
si non lle había de dar
catro voltas ó meu xeito!
Fixen despois un xaruto,
pranteille lume, fumeino,
e cando menos pensaba
que iba a tomar leite fresco,
vin unha casiña branca,
acochada entre us loureiros.
Na iaira estaba unha moza
co seu refaixo amarelo,
que escorrentaba nas churras,
entrámbalas maus batendo.
Así que me puido ollar,
ceibeille de lonxe un berro,
i a curmán, corre que corre,
veume salir ón carreiro.
- ¡Asús!, me dixó ó chegar,
¿seique tes pauto co demo?
- Muller, si había de vir
toma-lo leite, era tempo;
¡inda te sacudes ben!
- ¡Si non o digo por eso!
- Pois, ¿por que mo dices logo
e fas eses aspaventos?
A curmán, ri que te ri,
zarandeou o mantelo,
tuseu como o que se esgana,
colleume do brazo dreito,
e levoume escontra a chouza,
sin describirme o segredo.

- ¿Ai, tía Antoña?
- ¿Quen vai?
- Un mozo da parentela.
- Pasa, que estou peneirando.
- Véñame dar unha aperta...
- ¡Non pode ser!
- ¿Como non?
- Heite enfoular, ¿ti toleas?
- Ña nai, ¡non lle faiga caso!,
o curmán quérelle leria.
- Pois si quer leria que suba

- pra cabo das costureiras.
- ¡Na miña vida!, ¿pro están?
- Están arriba, abofellas.
- ¡Por eso se ría tanto
cando me veu esta meiga!
¿E de onde son?
- De Labrada.
- ¡Puparrallá, montañesas!
- ¿Que estás falando, cañón?
- Que sodes de boena terra...
- Avomaría de gracia,
¡non serán como as vilegas!
- ¡Oh de Dios, quen ten na casa!,
cómame o cuzo, ¡ai, Carmela!
- Estás un bon pelengrín.
- ¡Ei che vou dar unhas fregas!

Sentadas nun corredor,
cantaruxando e cosendo,
estaban tres rapaciñas,
¡que nin baixadas do ceio!,
todas con saia capada,
todas con pano de frecos,
todas con dengue encarnado
e cinguideiro amarelo,
todas con sarta ó pescozo
i on anelliño no dedo.
¡Inda tiran nas montañas
polo esplendor doutros tempos!,
¡inda nos queda o consolo
de ver que somos gallegos,
fóra das veces que vamosa Romariz ou a Estelo,
por Viernes Santo, por Corpus
i a Víspera dos Remedios,
que son, contando As San Lucas,
os días que a Mondañedo
baixan dos aspros lugares
nenas garridas, a centos,
pra dar veliñas ós santos,
pra axustar misas cos cregos,
i andar de eiquí pra acolá
cos noivos de parrafeo!
Asina que as vin ¡ai, Dios!,
púxenme tanto de xenio,
que logo xa non sabía
donde me alcontraba dreito.
¡Seique te trouxo o pecado!,
¡déixanos seguira cosendo!,
dixo unha delas, e dinlle,
sin andarme con rodeos,
un bico, ¡bico de fogo!,
naqueles beizos vermellos,
como as folliñas das rosas,

que nacen nos nosos eidos.
Cando quixen acordar,
tíñanme todas colleito;
fixen forzas, ¡cal si non!,
rolei polo chau tecendo;
pra dar máis conta de min
atáronme os pés, ¡que inferno!,
fixéronme no curuto
un pote como on barreño,
cuspiñáronme na cara,
cegáronme con farelo,
e si non vén miña tía
coa escoba poñer respeito,
i a curmán, desarriscada,
pedindo por min a berros,
seique de verme aldraxado...
¡morro levado do demo!

.....
.....

Acabado de muxir,
botáronme o leite fresco
nunha cazola vidrada,
que daba a cara por drento.
Cansado de recuncar
i amolecer pan albeiro,
dixéronme as montañas:
ai home, ¡debes de ir cheio!,
i eu, ó dar volta prá vila,
despois de tanto trafego,
¡quen volo dera da zomba!,
decía prós meus adrentos,
e ¡quen mo dera callado,
sin estonar o pucheiro!...

Fale meu bisavó

O que a Galicia mal queira
pode vivir sosegado:
fun o vinteoito á feira
e non vin unha monteira,
nin un dengue colorado.

Quezais alguén me non crea:
os sombreiros de Sevilla
están de moda na aldea,
e n'hai bonita nin fea,
que non chufe coa toquilla.

Pon medo, así eu teña a Dios:
na vida dos meus avós
un mantelo ¡era un tesouro!,

e menos dunha onza de ouro
non se mercaba un dos bos.

Agora campa o percal,
i algunhas, que nin pra sal
teñen un carto no peto,
visten ¡que meten respeto!,
i hastra se enfouzan con cal.

Os mozos son máis profanos:
¡queren parecer xitanos!,
i aí en Vilamor xa se usa
un fargallo dunha brusa
que envolve a sete peisanos.

A lingua de Rosalía,
rico caudal de harmonía
que prendou a Castelar,
moitos n'a saben falar,
i os máis non lle teñen pía.

Si hai quen non val un pitillo,
nin sementa un grau de millo,
nin ha de heredar un rego,
¡e dálle azoutas ó fillo
pra que non fale en gallego!

¿E n'é unha tristura maña
ver que a moxedá se apaña
co violín dunha cega
e deixa a gaita gallega
entre as uces da montaña?

¡Canta derruba se ve!:
figurando o que non é,
un pelellón do lugar
vai á vila pra tomar
cos bachileres café.

Unha lexía escumosa,
com'os coscos, a graciosa,
que sabe a puntas de agullas,
i é rosmona, pra armar bullas
trúxoas o demo á terra nosa.

Vilengos, non sei si o conte...:
pra tantear como pica
probeina aló na do Monte,
e ¿vedes? ¡auga da fonte
cunhos polvos da botica!

En canto de ergue-la perna,
iban ver medrar os trigos,
e fuxían da taberna,
¡aqueles vellos de cerna
com'a freba dos caxigos!

Ora si iba de camiño
un home e vía o loureiro,
pés pró mesón, i engordiño
botaba un neto dun viño,
¡que lle roncaba o calleiro!

Pra un rapaciño aldeán
era a festa do San Joán
si lle cocían a bola;
¿agora un guiche da escola?:
¡fúmalle as tripas a un can!

Non hai quen faga un labor:
¡cántos marchan no vapor,
mozos do val e da serra,
que van deixar noutra terra
a virtú do seu sudor!

¡Non!, naquel tempo pasado
non era tan desleigado
quen por un Creso se tiña,
si daba o leite a vaquiña,
i abría sucos co arado.

A boa fe tampouco dura:
non precisaba escritura
o que prestaba diñeiro,
nin se vía un xornaleiro
entre as gadoupas da usura.

I había menos malicia:
un lamote de Galicia
tremaba com'o vincallo
diante as barbas dun godallo,
que lle azapurra a Xusticia.

Pode a Igrexa verquer pranto:
naqueles tempos, que eu canto,
si iban meus avós de festa,
nin o can ulía a cesta
antes de tomar o santo.

Dóíame ou non, eu ben vexo
o que hoxe pasa: no adrexo
entran picando o cigarro,
e xúntanse ó pé do carro
que trouxo pra alí o pelexo.

Acabouse a cortesía:
teñen dous unha porfía,
polo valor desta palla,
e xa sacan de navalla
no mellor da romería.

¡Adiós copriñas!, n'hai nada:
a parexa nemorada
tirou coa sinxel fouciña,
que non se cegaba axiña
porque era ben afiada.

Eses gallardos brañegos
que contestaban ós cegos
i atestaban ás rapazas,
no parolar e nas trazas
pouco amostran ser gallegos.

E non vexo no feirón
o chairego farfantón
i a carpazona xentil,
que nas trenzas do mandil
lle entricaba o corazón.

Facendo cruces no chau
coa súa moca, o peilau
¡ganchaba por vencela!;
pero respondíalle ela
calcándolle ben a mau.

.....
.....

¡Todo aló vai!; si é ilusión
procramar a tradición,
cando hastra os cas lle fan guerra;
letrados da miña terra,
deliria o vello, ¡perdón!

Teño amores na montaña

Teño amores na montaña,
teño moza montañesa,
que ma deparou un santo
no turreiro dunha festa.
Déronlle as rosas de maio
roxa color prás meixelas,
branca, ¡volainiña branca!,
seique inda é máis que as folerpas,
e de folerpos da neve
penso que debeu ser feita,
xa que o sol i as nordesías
no ma logran ver morena.
Teño amores na montaña,
teño unha moza brañega,
que, si cos ollos feitiza,
o corazón me estonteia
c'aquelas palabras doces,

i aquelas surrisas meigas
das nenas repinicadas,
argullo das cumes ermas.
Miña santiña bonita,
¡Dios, que ma deu, ma defenda!,
pois para min non hai ceio,
si no me caso con ela.
¡Heime casar!; os solteiros
sempre andan nas malas linguas,
i eu quero vivir con honra,
xa que non teña outra herencia.
Heime casar, ¡non que logo!,
i heime de casar na aldea,
¡miña nai!, porque alí moran
as poucas almas sinxelas,
que sacan o pan da boca
pra socorrer a probeza.
Despois buscarei casiña,
unha casiña tarrea
con cortello, pra criar
dous bacoriños da teta,
¡i a facer pares de zocas!,
que se me canga, abofellas,
millor que escribir en verso
na doce fala gallega.

Á montaña

Loas que che brindo son
os meus versos, irta serra,
porque adoro a tradición,
i en par do teu corazón
gárda-las da nosa terra.

Non me namora o mar fero,
que a moitos tanto lles gusta;
a ti, montaña, che eu quero,
e non morro, porque espero
gozar da túa paz augusta.

Teño de ollo hai moitos anos
vivir na máis brava cume
da Galicia, entre os peisanos,
que, sentados nos escanos,
invernan preto do lume.

Do que vai pra terra extraña
contan que aló ben se apaña;
pro polo millor tesouro
non troco as froliñas de ouro
con que te vistes, montaña.

Si no mundo hai bes seguros,
que se logran sin conxuros,

que non demandan traballos,
son os teus aires, tan puros,
i as sombras dos teus carballos.

¡Canto a miña alma se reve
na singular fermosura
dos encaixes con que a neve,
sin esquencer uz nin sebe,
amortaxarte precura!

Cendales a nebra mesta,
de cando en veces, che presta
pra que te conserves briza,
i ó abandona-la túa cresta
nos toxos se esgarrapiza.

Ó enfundirse o sol detrás
das xigantes cabeceiras,
coido que a abrasarte vas,
ou que refrexando estás
laparadas das fogueiras.

Cando a sombra te asoballa,
ben, si a lúa te agasalla,
e mellor, si non recelas
que te prive a luz que espalla
dunha aureola de estrelas...

Lucindo xoias benditas
¡sempre, montaña, te vexa!:
te-los cruceiros prás citas,
prós devotos as ermitas,
prós mortos o adral da igrexa.

Nas túas covas -frecuentadas
polos espíritos do mal-
hai diamantes ás presadas,
reinas moras encantadas
e palacios de cristal.

Túa é Santa Compañía,
túa a Pantasma, que espía
as bouzas i esperta o medo,
pra que se recollan cedo
as nenas que van á fía.

Non é gallego quen te axe,
quen, serra, che teña zoña,
xa que herdaches o linguaxe
enxebre, o típico traxe,
i a gaita e maila zanfoña.

¡Concédame o ceio a min
que volva a donde subín
coa bota na moca ó lombo,
pra oír a bulla do bombo

i os queixumes do violín!

Lembrando festas sonadas,
inda quizá bailarei,
¡ouh, montaña!, nas ruadas,
coas fillas das ben amadas
carpazonas, que roldei.